



BOP

XOVES, 4 DE ABRIL DE 2024

N.º 078

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

Nomeamento coma funcionario interino

Mediante DECRETO DE ALCALDIA nº 2024-0157 resolveuse efectuar o nomeamento como personal funcionario interino deste Concello para a cobertura temporal, ata a súa cobertura definitiva, dunha praza de auxiliar administrativo (posto adscrito á unidade administrativa de contabilidade, tesourería e recadación) en favor de EVA SUAREZ POY, con NIF **3459***.

O DECRETO citado é susceptible de recurso potestativo de reposición perante o Sr. Alcalde no prazo de un mes a contar dende o día da publicación do nomeamento, ou ben de recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a contar dende o día da publicación do nomeamento.

BECERREÁ, 27 de marzo de 2024.- O ALCALDE, MANUEL MARTÍNEZ NÚÑEZ.

R. 0851

CASTROVERDE

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL AO ABEIRO DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS - PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2023

POSTO DE TRABALLO: 1 PEON-CONDUTOR

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello de Castroverde ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/15, de 01 de outubro, no prazo de 5 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP. No suposto de presentarse a instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello de Castroverde, será necesario adiantala por fax(982313011), antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

SISTEMA DE SELECCIÓN: Oposición, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Castroverde

Castroverde, 1 de abril de 2024.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 0859

FRIOL

Anuncio

DON JOSÉ ÁNGEL SANTOS SÁNCHEZ, ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE FRIOL, PROVINCIA DE LUGO,

Visto anuncio enviado ao Boletín Oficial da Provincia de Lugo o día 20 de marzo de 2024 e publicado o 26 de marzo do mesmo ano no BOP nº 072, obsérvase erro na publicación do mesmo, e, donde di: "APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO MES DE XANEIRO DE 2024", debe decir: "APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO MES DE FEBREIRO DE 2024".

Esta modificación non interrompe prazos de exposición pública.
Friol, 27 de marzo de 2024.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 0852

GUITIRIZ

Anuncio

Contratación laboral fixo peón de servizos múltiple por oposición libre. Expte.956/2022

Unha vez rematado o proceso selectivo, mediante resolución de alcaldía nº 2024-0143 de data 29/02/2024 contratouse como persoal laboral fixo coa categoría de Peón de Servizos Múltiples ficha nº21 código 76 da RPT á seguinte persoa que superou o proceso selectivo:

Nome e apelidos	DNI
Juan Carlos Rodríguez Novo	***264**W

O que se fai público para os efectos do artigo 62 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro e do artigo 60 da Lei 2/2015, do 29 de abril do Emprego Publico de Galicia.

Guitiriz, 13 de marzo de 2024.- A Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeia.

R. 0853

LOURENZÁ

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE LOURENZÁ DO 22 DE MARZO DE 2024 NA QUE SE APROBA A CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NAS BASES ESPECIFICAS QUE REXERÁN, XUNTO COAS BASES XERAIS, O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO, COMO PERSOAL LABORAL FIXO, NO CONCELLO DE LOURENZÁ NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, ACCESO LIBRE, COTA XERAL, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PARA O ANO 2022 (BOP NUM 120 DE 27/05/2022) NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE O ART. 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lourenzá, en sesión extraordinariacelebrada o día 22 de marzo de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17.11.2022, apróbanse as bases específicas que regulan, xunto coas bases xerais, o procedemento selectivo para o ingreso, como persoal laboral fixo, no Concello de Lourenzá nunha (1) praza denominada AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR, polo sistema de Concurso-Oposición, acceso libre, cota xeral, incluída na oferta de emprego para o ano 2022 (BOPnúm 120 de 27/05/2022) na taxa adicional de estabilización á que se refire o Art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de Decembro.

Producíndose erro material na base 7. FASE DE OPOSICION, e considerando o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que textualmente di: “As Administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”, propónse á Xunta de Goberno que proceda a súa corrección do seguinte xeito:

1º. Onde di:

“(…)”

7.- FASE DE OPOSICION

A puntuación máxima da fase de oposición e de 30 puntos, sendo necesario para superar esta fase obter un mínimo de 15 puntos (ver base específica 7.2).

7.1.- Constará dun EXERCICIO PRACTICO

Este exercicio é obrigatorio e non eliminatorio e puntuarase ata un máximo de 30 puntos.

Consistirá na resolución dun suposto práctico que terá por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen no programa, nun caso concreto que responda ás funcións ou tarefas da praza/posto que se convoca.

O tempo para realizalo exercicio será determinado polo Tribunal non podendo superar o tempo máximo dunha (1) hora.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada persoa aspirante.

Criterios de puntuación: o Tribunal fixará os criterios de puntuación da proba práctica, informando ás persoas aspirantes antes da realización da mesma.

7.2.- PUNTUACIÓN MÍNIMA PARA CONTINUAR NO PROCEDIMENTO SELECTIVO

As persoas aspirantes que se presentasen ao primeiro e segundo exercicio, deberán alcanzar entre os dous a puntuación mínima de 15 puntos para continuar no procedemento selectivo, sendo eliminadas as persoas aspirantes que non alcanzasen a dita puntuación.

(...)"

2º. Debe dicir:

(...)

7.- FASE DE OPOSICION

A puntuación máxima da fase de oposición e de 30 puntos, sendo necesario para superar esta fase obter un mínimo de 15 puntos (ver base específica 7.2).

7.1.- Constará dun EXERCICIO PRACTICO

Este exercicio é obrigatorio e puntuarase ata un máximo de 30 puntos.

Consistirá na resolución dun suposto práctico que terá por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen no programa, nun caso concreto que responda ás funcións ou tarefas da praza/posto que se convoca.

O tempo para realizalo exercicio será determinado polo Tribunal non podendo superar o tempo máximo dunha (1) hora.

O tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada persoa aspirante.

Criterios de puntuación: o Tribunal fixará os criterios de puntuación da proba práctica, informando ás persoas aspirantes antes da realización da mesma.

7.2.- PUNTUACIÓN MÍNIMA PARA CONTINUAR NO PROCEDIMENTO SELECTIVO

As persoas aspirantes que se presentasen ao exercicio práctico, deberán alcanzar a puntuación mínima de 15 puntos para continuar no procedemento selectivo, sendo eliminadas as persoas aspirantes que non alcanzasen a dita puntuación. (...)"

Lourenzá, 1 de abril de 2024.- A alcaldesa, Rocío López García.

R. 0868

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE LOURENZÁ DO 22 DE MARZO DE 2024 NA QUE SE APROBA A CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NAS BASES ESPECIFICAS QUE REXERÁN, XUNTO COAS BASES XERAIS, O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO, COMO PERSOAL LABORAL FIXO, NO CONCELLO DE LOURENZÁ NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA OPERARIO/A SERVIZOS MULTIPLES, MAQUINISTA-CONDUTOR/A, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, ACCESO LIBRE, COTA XERAL, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PARA O ANO 2022 (BOP NUM 120 DE 27/05/2022) NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE O ART. 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lourenzá, en sesión extraordinariacelebrada o día 22 de marzo de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17.11.2022, apróbanse as bases específicas que regulan, xunto coas bases xerais, o procedemento selectivo para o ingreso, como persoal laboral fixo, no Concello de Lourenzá nunha (1) praza denominada OPERARIO/A SERVIZOS MULTIPLES, MAQUINISTA-CONDUTOR/A, polo

sistema de Concurso-Oposición, acceso libre, cota xeral, incluída na oferta de emprego para o ano 2022 (BOPnum 120 de 27/05/2022) na taxa adicional de estabilización á que se refire o Art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de Decembro.

Producíndose erro material na base 7. FASE DE OPOSICION, e considerando o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que textualmente di: “As Administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”, propónse á Xunta de Goberno que proceda a súa corrección do seguinte xeito:

1º. Onde di:

“(…)

7.- FASE DE OPOSICION

A puntuación máxima da fase de oposición e de 30 puntos, sendo necesario para superar esta fase obter un mínimo de 15 puntos (ver base específica 7.2).

7.1.- Constará dun EXERCICIO PRACTICO

Este exercicio é obrigatorio e non eliminatorio e puntuarase ata un máximo de 30 puntos.

Consistirá na resolución dun suposto práctico que terá por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen no programa, nun caso concreto que responda ás funcións ou tarefas da praza/posto que se convoca.

O tempo para realizalo exercicio será determinado polo Tribunal non podendo superar o tempo máximo dunha (1) hora.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada persoa aspirante.

Criterios de puntuación: o Tribunal fixará os criterios de puntuación da proba práctica, informando ás persoas aspirantes antes da realización da mesma.

7.2.- PUNTUACIÓN MÍNIMA PARA CONTINUAR NO PROCEDIMENTO SELECTIVO

As persoas aspirantes que se presentasen ao primeiro e segundo exercicio, deberán alcanzar entre os dous a puntuación mínima de 15 puntos para continuar no procedemento selectivo, sendo eliminadas as persoas aspirantes que non alcanzasen a dita puntuación.

“(…)”

2º. Debe dicir:

“(…)”

7.- FASE DE OPOSICION

A puntuación máxima da fase de oposición é de 30 puntos, sendo necesario para superar esta fase obter un mínimo de 15 puntos (ver base específica 7.2).

7.1.- Constará dun EXERCICIO PRACTICO

Este exercicio é obrigatorio e puntuarase ata un máximo de 30 puntos.

Consistirá na resolución dun suposto práctico que terá por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen no programa, nun caso concreto que responda ás funcións ou tarefas da praza/posto que se convoca.

O tempo para realizalo exercicio será determinado polo Tribunal non podendo superar o tempo máximo dunha (1) hora.

O tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada persoa aspirante.

Criterios de puntuación: o Tribunal fixará os criterios de puntuación da proba práctica, informando ás persoas aspirantes antes da realización da mesma.

7.2.- PUNTUACIÓN MÍNIMA PARA CONTINUAR NO PROCEDIMENTO SELECTIVO

As persoas aspirantes que se presentasen ao exercicio práctico, deberán alcanzar a puntuación mínima de 15 puntos para continuar no procedemento selectivo, sendo eliminadas as persoas aspirantes que non alcanzasen a dita puntuación. (…)

Lourenzá, 1 de abril de 2024.- A alcaldesa, Rocío López García.

R. 0869

MONTERROSO

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de 27 de marzo de 2024, aprobáronse os Padróns Tributarios das taxas pola prestación do servizo de augas, sumidoiro e depuración, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondentes ao 1º trimestre do exercicio 2024, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario desde o día 1 de abril ao 24 de maio de 2024.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a éste, poderase formular recurso de reposición ante este órgano, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Monterroso, 27 de marzo de 2024.- O Alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 0854

RIBADEO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

O Pleno da Corporación municipal en sesión celebrada o día 19 de marzo de 2024 acordou, entre outros, aprobar o seguinte:

PRIMEIRO.-

Aprobar inicialmente o Estudo de viabilidade económica-financeira e sometelo a información pública mediante anuncios no BOP de Lugo, tablón de anuncios e web municipal/ [https:// www.ribadeo.gal](https://www.ribadeo.gal), por prazo de un mes para que se poidan presentar reclamacións, alegacións ou suxerencias que serán resoltas pola Corporación.

De non se presentar considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de acordo expreso do Concello.

SEGUNDO.-

Aprobar inicialmente a Estrutura de custos de referencia e sometela a información pública mediante anuncios no BOP de Lugo, tablón de anuncios e web municipal/ [https:// www.ribadeo.gal](https://www.ribadeo.gal), por prazo de 20 días para que se poidan presentar reclamacións, alegacións ou suxerencias que serán resoltas pola Corporación.

De non se presentar considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de acordo expreso do Concello.

Remitir o mesmo aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e/ou da Comunidade Autónoma para a emisión do informe establecido no artigo 247.3 de la LCSP.

TERCEIRO.-

Prestar aprobación á proposta da fórmula de revisión de prezo e someter o documento a información pública mediante anuncios no BOP de Lugo, tablón de anuncios e web municipal/ [https:// www.ribadeo.gal](https://www.ribadeo.gal), por prazo de 30 días para que se poidan presentar reclamacións, alegacións ou suxerencias que serán resoltas pola Corporación.

De non se presentar considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de acordo expreso do Concello.

Ribadeo, 1 de abril de 2024.- O ALCALDE, DANIEL VEGA PÉREZ.

R. 0876

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 2024/0112, de data 1 de abril de 2024, aprobáronse as bases xerais que rexerán o procedemento para a selección de un/unha auxiliar para cubrir o servizo de atención sociosanitaria a persoas dependentes no Centro de Día municipal, como persoal laboral temporal, mediante concurso-oposición, a xornada completa (100%), cunha duración de seis (6) meses.

Segundo o disposto na base quinta (5ª), as instancias dirixidas ao Sr. Alcalde presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, -09.00 / 14.00 horas-, durante o **prazo de cinco (5) días naturais**, comenzando a computarse o dito prazo a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As citadas bases atópanse publicadas na páxina web do Concello: www.ribeiradepiquin.es, podendo consultarse tamén nas oficinas municipais en horario de oficina.

Ribeira de Piquín, 1 de abril de 2024.- Alcalde-Presidente, Don Roberto Fernández Rico.

R. 0860

Anuncio

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 2024/0114, de data 1 de abril de 2024, aprobáronse as bases xerais que rexerán o procedemento para a selección de un/unha auxiliar de axuda no fogar, como persoal laboral temporal, mediante concurso-oposición e para creación de bolsa de emprego, a xornada completa (100%), cunha duración de seis (6) meses.

Segundo o disposto na base quinta (5ª), as instancias dirixidas ao Sr. Alcalde presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, -09.00 / 14.00 horas-, durante o **prazo de cinco (5) días naturais**, comenzando a computarse o dito prazo a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As citadas bases atópanse publicadas na páxina web do Concello: www.ribeiradepiquin.es, podendo consultarse tamén nas oficinas municipais en horario de oficina.

Ribeira de Piquín, 1 de abril de 2024.- Alcalde-Presidente, Don Roberto Fernández Rico.

R. 0861

SOBER

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de 27 de marzo de 2024, aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrência e de dependencia correspondente ao mes defebreiro de 2024.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Sober, 27 de marzo de 2024.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 0856

FUNDACIÓN MUNICIPAL TERREO

Anuncio

Mediante Resolución de Presidencia de data 1 de abril de 2024, aprobáronse as bases xerais que rexerán o procedemento para a selección dun traballador cualificado para a acuicultura, como persoal temporal, a xornada completa (100%), cunha duración de seis (6) meses.

Segundo o disposto na base cuarta (4ª), as instancias dirixidas ao Sr. Presidente, presentaranse no Rexistro Xeral da Fundación TerrEo, en horario de oficina, -09.00 / 14.00 horas-, durante o prazo de cinco (5) días naturais, comezando a computarse o dito prazo a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As citadas bases atópanse publicadas na páxina web do Concello de Ribeira de Piquín: www.ribeiradepiquin.es, podendo consultarse tamén nas oficinas municipais en horario de oficina.

Ribeira de Piquín, 1 de abril de 2024.- O Presidente, D. Roberto Fernández Rico.

R. 0862

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZIA DE GALICIA. SECRETARÍA DE GOBERNO

Anuncio

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **15/03/2024**, acordou nomear, por un periodo de catro anos, o xuíz/a de paz titular e/ou substituto/a dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foiron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

CERVANTES: Titular: DOÑA MARÍA ALICIA PÉREZ ROSÓN. DNI 25*593H.**

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso de Alzada perante o Consello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incurso en algunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 20 de marzo de 2024.- O SECRETARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 0857

NOTARÍA

Anuncio

JUAN JOSÉ LÓPEZ YÁÑEZ, NOTARIO DEL ILUSTRE COLEGIO DE GALICIA CON RESIDENCIA EN SARRIA,

HAGO CONSTAR

Que en esta Notaría de Sarria, sita en la calle Gran Vía, nº9, Bajo se tramita ACTA DE PARTICIÓN CONFORME A LA LEY GALLEGA, con el fin de proceder a la partición de la herencia de los causantes DON JUAN RODA CABANA Y DOÑA FLORENTINA HERBÓN GARCÍA

Que entre los herederos de los citados causantes se encuentra la siguiente sin domicilio conocido:

DOÑA REGINA RODA HERBÓN

Que se le comunica a dichos interesados o a cualquiera que tenga interés en dichas herencias lo siguiente:

Durante un plazo que finalizará en un plazo de treinta hábiles desde la publicación del presente EDICTO podrán los interesados comparecer en mi notaria, sita en la calle Gran Vía, nº9-bajo de la villa de Sarria (Lugo), en horas de despacho, para oponerse a la tramitación de la misma, proponer nuevos contadores-partidores o alegar lo que estimen oportuno en defensa de sus derechos.

Sarria, 27 de marzo de 2024.- Notario, Juan José López Yáñez.

R. 0855
